

## 4º ESO

Ola a todos, espero que esteamos todos ben! (que é o importante)

Como xa vos dixen a algún de vós (que vin polos corredores), a vida segue, e o curso académico tamén, só que cada un na súa casa (porque hai que saír o menos posible!). Como ides vendo polas noticias da televisión é previsible que “polo menos” ata despois de Semana Santa non volvamos.

Estamos ante unha **medida excepcional**, nun “situación” excepcional pero máis tarde ou máis cedo teremos que volver á “normalidade”. En tempos excepcionais é cando se proba a valía do ser humano. Recordade que este non é un período de vacacións, tendes que procurar facer o **voso plan de traballo**, para non desvincularvos coa materia e co instituto. Pero como formando parte da nosa idiosincrasia está a “picaresca” e a procrastinación imos “obrigatoriamente” a manter un certo contacto, mediante correo electrónico.

### O MEU PLAN TRABALLO 4º ESO

1º O alumnado deberá enviar o seu traballo, que posteriormente deberá expoñer (xa veremos cando), durante a semana do 23 ó 27 de marzo. Data máxima de **envío venres 27**. *Os de Plan Proxecta* que vaian traballando o que poidan (veremos cales son os novos prazos), se tendes dúbidas –correo–.

2º **Os que teñan que facer a recuperación** deberán ir estudando durante estes días, ante a posibilidade de que cando volvamos ás clases fagamos este exame. Igual se teñen que facer “moitos” exames de varias materias nun período moi curto de tempo (igual que na “selectividade”, setembro, ...). Non só é a cuestión de facer exames, senón que hai que seguir mantendo unha certa “tensión” de esforzo-traballo-estudo, sen caer nunha excesiva relaxación. Aqueles alumnos que non tiveran máis dun 3,75 no primeiro exame (de ecosistemas), deberían tamén estudalo (tendes o resumo).

3º Á parte da recuperación hai que ir seguir traballando e estudando pola vosa conta, desenvolvendo a capacidade de “Aprender a Aprender” (Pablo falou algo disto o último día de clase 😊). **Deberedes ir estudando o tema 8.** Xa vimos ata o apartado 4, incluído o **código xenético**. A partir do apartado 6 estudade pola ficha que estaba en conserxería e que todo alumno/a preocupado, con un mínimo de iniciativa, autonomía e ganas de progresar e aprobar terá no seu poder. Hai que facer as actividades que había para o luns, xunto coas actividades **42; 43; 46. QUERO QUE TODOS ME ENVIEDES FOTO DA SÚA LIBRETA OU FICHA COAS ACTIVIDADES FEITAS (OU DOCUMENTO WORD, SCANEO, OU EVIDENCIA QUE O FIXO...).** **CREO QUE TODOS TENDES MÓBIL OU ORDENADOR OU VOSOS PAIS VOLO PODEN FACILITAR. É tamén unha maneira de saber que estamos en contacto.** O ENVÍO DEBE SER **DURANTE A XORNADA DO MARTES 17. Eu subirei ó Drive as solucións sobre o xoves 19.**

HAI QUE REMATAR **AS ACTIVIDADES DA FICHA** e as seguintes: **44, 45, 47, 50, 51, 52, 53, 54, 55** (xa fixemos un parecido na clase), **56, 57** e a **58**. **NON SON TANTAS. DATA DE ENVÍO MÉRCORES 25.** **Subirei as solucións o xoves 26.**

SUBO Á CARPETA UN VÍDEO DE “REDES” ONDE SE FALA DA TERAPIA XÉNICA. NON FAI FALLA VELO TODO, PERO POLO MENOS DEDICARLLE 10-15 MINUTOS.

**SE TENDES DÚBIDAS PODEDES CONSULTAR PÁXINA WEB DO PROXECTO BIOSFERA. 4º ESO.**

### **TEMA 7 GENÉTICA HUMANA**

**SE ALGUÉN QUERE SOLVENTAR DÚBIDAS POR TELÉFONO PODE ENVIARME UN CORREO CO SEU TELÉFONO E CONCERTAREMOS UNHA TITORÍA “TELFÓNICA”.**

**A CONTINUACIÓN APARECEN AS COMPETENCIAS QUE SE DEBEN AVALIAR Ó LONGO DO CURSO EN CADA MATERIA E COMO VEDES ENTRE OUTRAS APARECE A COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER, ...**

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Competencia de Aprender a Aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Competencia para o Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Competencias en Conciencia e Expresións culturais (CCEC).

**CAA**

Elaboración de resumos, esquemas e mapas mentais.  
Formulación e resolución de problemas e exercicios.  
Iniciativa para buscar información, solucións e alternativas.

**MANDO ARCHIVO Á PARTE CON UN TEXTO DO LIBRO HOMO DEUS, ONDE SE TRATA O TEMA DAS EPIDEMIAS, PANDEMIAS, . SÓ LER QUEN QUEIRA E NON SEXA APRENSIVO!!!**

**A CUMPRIR COAS NOSAS OBRIGAS, A COIDARSE, sorte para todos e ÁNIMO!!!**